RESPOSTAS ÁS CONSULTAS REALIZADAS SOBRE O CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA SELECCIONAR A MELLOR PROPOSTA A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO CORRESPONDENTE PROXECTO TÉCNICO -BÁSICO E DE EXECUCIÓN- E DIRECCIÓN DE OBRA PARA A REURBANIZACIÓN DO BARRIO DE MONTEPORREIRO (PONTEVEDRA)

1) **Información sobre a titularidade dos espazos públicos: Interésanos saber cal é o espazo público sobre o cal hai que actuar, viario e estacionamentos, prazas públicas, parque no ámbito do mirador, outros espazos públicos ou de propiedade municipal, espazos residuais (plano de situación).**

   O espazo público é o que se atopa dentro do ámbito marcado no plano. No avance do plan pódese atopar este espazo marcado pero non se teñen datos da súa titularidade.

2) **Referido ao presuposto saber si no ratio de 70 a 95 €/m2 está incluído o soterramento da liña de alta tensión.**

   Non está incluído.

3) **Clasificación de usos das edificacións, residencial, comercial, dotacional...**

   A información que se dispón é a do Avance do Plan que se atopa colgado na páxina web do Concello de Pontevedra http://www.pontevedra.eu/pxom/.

4) **¿Podemos contar con datos xeodemográficos do Padrón Municipal de Habitantes para o ámbito de estudo?**

   Non dispoñemos dos datos.

5) **No caso de ser adxudicatario do primeiro premio e cumprindo os valores máximos de prazo de execución e orzamento, ¿se lle encargaría o contrato de redacción do proxecto básico e de execución ou non necesariamente?**

   En todo caso ao primeiro premio invitaríaselle ao procedemento negociado que se leve a cabo para contratar o servizo; coas mellores condicións, resultaría adxudicatario.

6) **En canto aos sobres, ¿se entregan 2, un cos datos do concursante e outro coa documentación do proxecto?, xa que no prego de bases, no apartado 6.2.3.LUGAR E PLAZO DE PRESENTACIÓN fala de tres sobres.**

   Hai un erro, só son dous sobres.

7) **En canto á acreditación da solvencia económica, fálase de informe de institución financeira específico, nos poderían explicar a que se refiren, que papeleo habería que entregar.**

Debe de ir á súa entidade bancaria para que lle fagan un certificado conforme é solvente para poder participar neste concurso en concreto; non terá problema no seu banco, posto que xa terán realizado outros para todas aquelas empresas que quixeron participar nun procedemento de contratación coa Administración.

8) **En relación ao concurso, en canto aos criterios de actuación, un deles fala da humanización da praza central do polígono, pero temos dúbidas da localización da praza. Lles agradeceríamos que nos desen máis datos sobre a súa ubicación, con referencia a algunha rúa.**

É a Praza de Europa, atópase entre a rúa Alemania, a rúa Bélgica e a rúa de Irlanda. Nela hai un parque e un parque infantil, está próxima oa Instituto de ESO “Luis Seoane”.